

LITERATURA CON FILTROS

Cando tiña once anos coñecín un vizconde demediado que falaba galego. Na miña lóxica, isto non casaba moi ben coa palabra “clásicos”, que aparecía pomposamente na contraportada ou nalgunha outra parte do libro. Os clásicos normalmente falaban castelán, ou outros idiomas que eu non entendía, pero sempre chegaban a min en castelán. Tampouco me preocupou demasiado e gocei moito coa historia daquel guerreiro que volta á casa partido en dúas metades, e, máis tarde, coas aventuras dos seus curmáns o barón rampante e o cabaleiro inexistente. E con Paulo e Virxinia, co primeiro amor de Turguénev, coas historias estrañas de Tournier, coa pantasma de Canterville. Algúns volvíñ lelos anos máis tarde na lingua en que se converteron en clásicos, na súa lingua orixinal, e non lembro en ningún deles sentirme, *a posteriori*, traizoada polo tradutor.

Máis tarde, algúns dos clásicos gregos e latinos publicados na súa versión galega por Galaxia, xunto con outras visións doutros tantos tradutores a outras linguas románicas, axudáronme a entender mellor os clásicos de verdades; ao mesmo tempo, a poesía de Whitman, Bukowski ou Twain pasaban a formar parte do meu mapa da literatura galega a través das excelentes adaptacións publicadas por Edicións Positivas. Igual que o vizconde demediado, que Sherlock Holmes, que Puck e Falstaff, que Lesbia e Catulo: para min son parte da literatura galega desde o momento en que souben da súa existencia. Tanto coma Adrián Solovio ou Merlín. Seguen vivindo na súa lingua orixinal, por suposto, e noutras, pero en galego teñen unha existencia única, son distintos porque están vivos nunha lingua na que eu tamén o estou.

Hai máis. Os heroes das literaturas lusófonas (tan lonxe, tan preto), nórdicas ou balcánicas tamén respiran e laten na nosa lingua a través de iniciativas como Rinoceronte Editora ou a Biblioteca Virtual (<http://www.bivir.com>). Algún dirá que son filtros. Para min son portas, só portas, ou nada menos que portas. Como escritora e filóloga non serei eu quen contradiga o axioma de que toda literatura se goza mellor na súa versión orixinal. Porén, iso non me impide desexar un pouco máis de normalización (aínda que iso sexa moitas veces sinónimo de mercantilización) para o mercado galego das obras traducidas e que, por exemplo, os clásicos contemporáneos (xa sexan estes Julian Barnes ou Harry Potter) aparezan na nosa lingua nun prazo razoable que converta a porta da tradución nunha ferramenta eficaz e non nunha rareza ou un capricho para filólogos e teóricos da traductoloxía.